

“A pedra da pezoña e outras pedras sandadoras da cultura popular galega”

Rafael Quintía Pereira

Os amuletos —do latín *amuletum* ou do árabe *hamala*— son obxectos que propician o ben, que nos protexen do mal e afastan a desgraza, a enfermidade e a influencia do maligno, polo que son ambivalentes, é dicir, teñen virtudes valedoras e sandadoras. O talismán —do grego *télesma*— tería a virtude de outorgar sorte e fartura ou de atraer algún tipo de forza natural ou sobrenatural.

O uso de amuletos é tan antigo como o ser humano. O temor ó descoñecido, ós fenómenos naturais, á morte, ás enfermidades e, en xeral, a tódolos perigos e adversidades ós que se tiña que afrontar na súa subsistencia diaria fixo que o home botase man de determinados elementos da natureza como pedras peculiares, partes de animais ou mesmo herbas e que crease estes obxectos máxico-relixiosos que os protexesen das ameazas cotiás. Os amuletos xa formaban parte dos enxovais mortuorios dos enterramentos neolíticos e mesmo moito antes o rexistro arqueolóxico constata o uso destes elementos protectores. Na nosa terra teríamo-los primeiros exemplos de uso destes amuletos pétreos nos ídolos atopados no dolmen da Parxubeira ou no de Dombate, posiblemente obxectos con fins protectores para a viaxe ó Alén. Co paso do tempo estes elementos foron facéndose máis elaborados e complexos pero os amuletos naturais seguiron ocupando un posto primordial no arsenal profilácticos dos galegos, xunto co uso de medallas, estampas, rescriptos, escapularios e outros símbolos relixiosos que, coa chegada do cristianismo, virían complementa-lo xa extenso corpus de obxectos valedores e sandadores ós que recorre o pobo ante a acción da enfermidade e do maléfico. Pero non só os obxectos forman parte do arsenal profiláctico da nosa medicina tradicional, senón que o poder das palabras tamén é utilizado con fins protectores e curativos. Así oracións, responsos, esconxuros, retrónicas, ensalmos son empregados nos rituais sandadores, esconxuradores e como fórmulas máxicas para procura-la protección contra todo tipo de males.

En Galicia temos amuletos profanos e amuletos relixiosos. Temos amuletos sandadores que procuran a curación, como o alicorno ou a camisa de cobra, e temos amuletos valedores que rexeitan o mal, como a figa ou a castaña de indias. Temos amuletos naturais de distinta orixe orgánica, como podería se-lo cairo de xabaril, as cornas de vacaloura ou o allo e temos amuletos de feitura humana, como os *detentes*, os *selos de Salomón*, ou os *Agnus Dei*. Na nosa cultura popular aínda abundan os amuletos de orixe animal, vexetal e mineral, posiblemente todos eles os máis antigos obxectos de poder. Destes últimos, dos amuletos minerais, falaremos neste artigo.

Veremos como moitos destes obxectos protectores se presentan na nosa cultura popular, a miúdo, mesturados, interrelacionados e combinados entre si. Isto amósanos como o pobo trata de buscar unha explicación a toda esta poderosa fenomenoloxía para darlle unha coherencia dentro da propia lóxica que rexe o seu mundo simbólico, asignando deste xeito, moitas das veces, unha orixe común a todos este tipo de elementos máxico-relixioso-curativos, malia as diferenzas morfolóxicas e de uso que presentan. Esta confusión e mestura, ó contrario do que podería parecer a simple vista, non lles resta

mérito nin valor ós nosos amuletos. Todo o contrario, reflicte a inmensa capacidade creadora e simbólica do pobo e a súa curiosidade innata e o afán ancestral por buscar sempre unha resposta, unha explicación e unha orixe a todo o mundo que o arrodea e ás forzas naturais e sobrenaturais coas que ten que interactuar.

Pedra da pezoña



A *pedra da pezoña* é unha pedra sandadora empregada para cura-la pezoña producida polas serpes, pínegas, sapos e outros bechos pezoñentos. Tamén se usa para a curación de infeccións de pel e demais males cutáneos, ó igual que ocorre co *alicorno*¹. Son moitas as *pedras da pezoña* que seguen activas na nosa xeografía. Indagando sobre a orixe dalgunha destas pedras —como as localizadas nos concellos pontevedreses de Pontecaldelas, Campolameiro ou Cerdedo— descubrimos, como ocorre con moitos destes

obxectos de poder, que normalmente se lles atribúe unha orixe misteriosa que se perde na nebulosa do tempo. Así, algunhas foron traídas das Américas e doutras terras afastadas polos emigrantes que alí estiveron, unhas son pedras peculiares, outras dise que veñen dos cornos de animais ou das babas das serpes. Todas elas son valiosas pezas que veñen sendo herdadas de xeración en xeración coma se de auténticas reliquias se tratase.

A miúdo establécese un curioso vínculo, unha estraña relación entre moitos destes amuletos. Nalgunhas zonas de Galicia, como en Navia de Suarna, ós alicornos chámanlles *pedra do veneno* e dise directamente que estas pedras proceden dos cornos dun animal. No caso concreto da pedra da pezoña de Barro de Arén (Cerdedo), segundo conta a súa dona, esta pedra traída do Brasil proviña de anacos de corno dun estraño animal, é dicir, que estas peculiares pedras son anacos do corno dun animal que cura a pezoña. E velaí atopámo-la máxica conexión entre a *pedra da pezoña*, os cornos sandadores e o poderoso *alicorno*. Esta pedra de Arén da que falamos ten distintos sexos. Existen, pois, a *pedra da pezoña* femia, a que realmente ten poderes, e a *pedra da pezoña* macho, que non ten tantos poderes pero que debe durmir sempre coa pedra femia para que esta conserve a súa maxia e forza curativa.

Outras veces estas *pedras da pezoña* teñen unha orixe distinta. Buenaventura Aparicio Casado cóntanos como en Poio (Pontevedra) existe a crenza de que estas pedras —que alí son pequenas e lisas, unhas veces de cor verde e gris con raias e outras con pintas— fórmanse da segregación que soltan sete cobras cando se xuntan e se refregan as unhas coas outras.

¹ Para saber máis sobre o amuleto coñecido como *alicorno* e citado neste artigo consúltese o traballo do mesmo autor *Aplicacións curativas do alicornio na medicina tradicional galega* [<http://www.galiciaencantada.com/dentro.asp?c=34&id=1524>]

Esta descrición lévanos inevitablemente a pensar, por unha banda, na *pedra da serpe* da que falou Frei Benito Feijoo e, por outra banda, naquel mítico *ovo druídico* da tradición céltica, pedra de cristal negro con feitío de ovo que se formaba da baba ou refugallo producido por varias serpes ó xuntárense e que era símbolo do universo.

Pero non só as babas das serpes producían fabulosos amuletos senón que tamén o refugallo da metamorfose da parraguesa —coñecido como *peido de raposo*— foi usado na tradición popular galega como potente amuleto polas súas virtudes afrodisíacas e esconxuradoras.



José Rodríguez López identificou estas *pedras da pezoña* con algúns cantos rodados pequenos, xaspeados e porosos que se atopaban nas beiras dos ríos e que eran usados contra o mal da pezoña cando se daba a mordedela dun animal pezoñento. Tamén recolleu que algunha destas pedras semellaban puntas de frecha de tempos remotos o que nos leva a relacionalas coas *pedras do trono* ou *pedras do raio* das que falaremos a continuación.

O ritual de uso das pedras da pezoña é semellante dunhas a outras e, con pequenas variacións, era o seguinte: Cando alguén resultaba picado por unha serpe ou outro animal pezoñento acudíase a busca-la pedra da pezoña. Esta embebíase en leite acabado de muxir e sen ferver; o tempo que debe permanece-la pedra no leite varía, ás veces fálase de 10 minutos outras faise a olo. Despois colocábase sobre a picadura ou ferida. Se a picadura tiña veneno a pedra quedaba apegada ata succionalo por completo; se a ferida non tiña pezoña a pedra non pegaba. Cando se desprendía por si soa era porque xa non quedaba veneno. Unha vez feita a curación nalgúns sitios metíase de novo a pedra da pezoña en leite para que expulsase todo o veneno e despois gardábase a bo recado, como cómpre facer con estas cousas máxicas e poderosas. O leite infectado coa pezoña había que tiralo ó lume para evitar que outras persoas ou animais se contaxiasen co mal. Ás veces, este ritual varía un pouco segundo as zonas e as persoas que aplican o remedio, e así atopamos que nalgúns rituais non se molla a pedra en leite antes de usala senón que esta se pon directamente sobre a ferida e o leite só intervéñ ó final para somerxe-la pedra empezoñada e que, deste xeito, expulsa todo o veneno absorbido. Os



testemuños recollidos en Portugal sobre a aplicación desta pedra coinciden co descrito por Frei Benito Feijoo cando di que é necesario pincha-la ferida cun alfinete para facer que saia un pouco de sangue e a pedra apegue mellor. Outras veces existen algunhas diferenzas sobre o tipo de leite a usar. Xeralmente úsase leite de vaca, que pode ter que cumprir determinadas características: cítese acabado de muxir ou non, fervido, sen ferver, etc., pero noutras ocasións dise que o leite empregado ten que ser de muller.

Contáronme na parroquia de Marcón (Pontevedra) como unha vez que se estaba a realiza-lo ritual de pasa-lo *alicorno* para cura-la perna, supostamente gangrenada, dunha veciña, este apegouse violentamente á carne debido á grande pezoña que tiña a ferida, e mesmo parecía que o *alicorno* se afundía dentro da perna. Unha vez que toda a pezoña foi absorbida, o corno desapegouse só, tal como faría a pedra da pezoña. Cómpre mencionar tamén que, por unha parte, o xeito de activa-las propiedades alexifármacas da *pedra da pezoña* é mergullándoa en leite e, por outra banda, moitas veces é necesario bota-las raspaduras do *alicorno* en leite para prepara-la apócema curativa.

Vemos, por tanto, que á parte dunha posible orixe común, nalgúns casos, entre o *alicorno* e a *pedra da pezoña* tamén son coincidentes nas súas virtudes alexifármacas, na súa capacidade para adherirse á infección, no uso do lume como elemento purificador da auga pezoñenta e no uso do leite como un elemento máis do ritual. Como



caso curioso de uso combinado do *alicorno* e da *pedra da pezoña* témo-lo que nos conta Joaquín Alonso respecto ó uso dos *alicornos* nas aldeas do Bierzo. Segundo refire, nas aldeas de Santalla, Villanueva de Valdueza, Valdecanada, Losada do Bierzo ou Peñalba de Santiago utilizábase a *pedra do veneno* —como a chaman nesta zona coincidindo tamén coa denominación empregada en Navia de Suarna para o *alicorno* e coa denominación empregada en outros lugares de Galicia para referirse á

pedra da pezoña— contra as picaduras venenosas e infeccións, ben aplicando directamente sobre a picadura a auga de *alicorno*, ben mollando con ela a denominada *Pedra do veneno*, que se empregaba mediante frotamento na parte afectada pola mordedura ou picadura.

Ás veces estas *pedras da pezoña* están especializadas no tratamento dun mal determinado. Pilar Rodríguez Blanco conta que no concello de Pantón (Lugo) hai unha curandeira que tiña unha pedra da pezoña para sapo e outra pedra para pezoña de pinta.

A *pedra da pezoña* debeu de ser indubidablemente un dos nosos amuletos máis poderosos de aí que o refraneiro popular recollera a crenza neste amuleto: *Boa face a todo o mundo e a pedra da pezoña na faldriqueira*.

Pedras feitas



Nome xenérico co que se coñecen todos estes amuletos pétreos de peculiar feitura que o pobo identifica como obxectos non feitos por eles pero que polas súas peculiaridades morfolóxicas tampouco son capaces de atribuírlles unha orixe puramente natural. Digamos que para a xente son pedras que non son normais ou naturais e que polo tanto tiveron que ser feitas por algún tipo de poder ou forza extraordinaria, ben natural, ben sobrenatural. Esta peculiar orixe fai que estas pedras teñan inusuais virtudes sandadoras ou protectoras polo

que son consideradas valiosos amuletos. Este sería os caso dos fósiles, as ferramentas neolíticas, as fusaiolas, as pedras furadas ou os cristais de rocha, entre outras “pedras” peculiares.

Pedras do trono ou pedras do raio



Tamén se mesturan as propiedades da *pedra da pezoña* con outro tipo de amuletos pétreos chamados as *pedras do trono* ou *pedras do raio*. José Casal Porto recolle como na súa parroquia no concello de Moraña (Pontevedra) os labregos usaban como remedio contra as picaduras das serpes e outros bechos pezoñentos as denominadas *pedras da pezoña* que gardaban con veneración, segundo comenta, e que eran, en moitos dos casos, machadiñas puídas de cuarcita. Estas machadiñas neolíticas coinciden co que noutros sitios chaman *pedras do trono*, *pedras do raio* ou *pedras feitas* que, segundo a crenza popular, son as puntas dos raios que caen á terra e que, por tanto, pasan a ser importantes obxectos valedores ós que se lles outorgan propiedades portentosas de protección, non só contra os trebóns

senón tamén contra calquera mal subitáneo. Esta confusión e mestura de virtudes entre *pedras feitas* —nome xenérico para todos esas pedras de peculiar fasquía como fósiles ou ferramentas neolíticas— e *pedras do raio* non debería parecer estraña se temos en conta que ata o descubrimento de América non se coñecía a existencia de ferramentas de pedra puída, obviamente por esquecemento froito do desenvolvemento tecnolóxico, co que o achado deste tipo de pezas levaba parella a súa asignación a un feito extraordinario, de feitura non humana e, xa que logo, dotadas de certo poder. O mesmo ocorría cos fósiles dos que non se coñecía a súa procedencia pero que pola súa forma peculiar e “non natural” tiñan que ter algo de extraordinario, feito que levaba a denominar todas estas pezas como *pedras feitas*, como dixemos.

Non só os machadiños e as puntas de frecha neolíticas eran confundidas coas puntas do raio, tamén as pedras que manchaba o raio ó caer á terra tiñan propiedades contra os velenos e as formacións poliédricas que se producen pola cristalización de determinados minerais que forman as rochas, como ocorre no caso do seixo, eran consideradas poderosas *pedras do trono*. En ausencia da *pedra da serpe* ou da *pedra da pezoña*, un anaco de seixo tamén servía para sanda-la picadura da cobra refregando o seixo sobre a ferida e botándoo despois a unha poza.

Este tipo de amuletos xa se coñecían en tempo dos romanos co nome de *fulgurita* e os autores clásicos refírense a ela a miúdo co nome de *ceraunia*. Segundo a crenza, cando había tormenta e caían os raios á terra, a súa electricidade fusionábase coa area e formábanse estes amuletos, que despois se afundirían sete niveis baixo a terra, de xeito que cada ano subiría un estadio, pola súa tendencia natural a volver ós ceos de onde proviña, podendo atopala na superficie da terra transcorridos sete anos. Neste momento recollíase e gardábase como potente amuleto protector contra as tormentas, evitando que os raios caesen sobre a casa, e como obxecto sandador contra certas doenzas dos homes e do gando. En Galicia era habitual colocar este tipo de pedras entre a cachotería das cortes ou da casa co aquel de protexe-la vivenda, os seus habitantes e os animais da destrutora acción das tormentas e tamén para preserva-lo gando da enfermidade.





A crenza nestas pedras do trono non é exclusiva de Galicia, como ocorre con moitos outros amuletos dos que aquí estamos a falar. Os temores humanos son universais. Podemos citar como exemplo o caso das coñecidas nas Illas Británicas como *Fairy dart* ou *gaé sídhe* en gaélico. Nas zonas rurais de Gran Bretaña críase que as puntas de sílex, que casualmente se atopan nos labores de labranza, eran os dardos que usaban as *fairies* (seres míticos similares ás nosas mouras) cando desexaban facer mal a alguén. Se se introducía unha destas pedras en auga, esta adquiría poderes curativos, tal como se fai co *alicorno* galego. En Cornualles críase que estas puntas de frechas ou os machados neolíticos se producían nas nubes froitos dos tronos e lóstregos e despois caían ó chan onde eran atopadas pola xente. Estas pedras adoitaban cambiar de cor cando trocaba o tempo polo que servían para predici-la metereoloxía, amosando a mesma función cá nosa **pedra chorona** que menciona Eladio Rodríguez. En Escocia a estes machados chamábaselles *fairie hammers* e gardábanse na casa para utilizalas contra as enfermidades. Tamén se cría que os antigos se enterraban con elas para chamar á porta do Purgatorio. O uso destas pedras como amuleto que acompaña o morto na súa derradeira viaxe ó Alén entronca directamente coas pedras chamadas **cruz de santo André** que adoitaban pórse nos petos dos mortos para protexelos no seu tránsito final.

Outro exemplo destas similitudes serían as poderosas pedras coñecidas en África e Latino América co nome de *odduaras* que os *yorubas* consideran produto dos raios e dos tronos. Pedras que son propiedade de Chango —o deus do trono— e que utilizan como amuleto para afasta-lo mal e atrae-la boa saúde e a boa sorte.

Pedra da serpe e pedra da cobra

O uso curativo destas “pedras” xa vén de antigo. Frei Jerónimo Feijoo nas súas *Cartas eruditas e curiosas* (1742-1760) fai unha extensa descrición das propiedades e características das denominadas **pedras da serpe**, que coincide coa nosa **pedra da pezoña** ou **pedra do veneno** que acabamos de comentar. Feijoo fala das súas virtudes non só contra a pezoña de serpes, escorpións, salamántigas, etc., senón que relata distintos exemplos de portentosas curacións doutros tipos de doenzas como son a epidemia de carbuncos, as trabadas de lobos e cans rabiosos, ou os tumores, entre outras. Chega a dicir que a **pedra da serpe** ten as mesmas virtudes e aínda máis cás que se lle atribúen ó *alicorno*, o corno de unicornio.

Sobre o xeito de aplicar esta **pedra da serpe** di que se debe pica-lo sitio da mordedela cun alfinete de modo que sangre un pouco, a continuación aplícaselle a pedra que inmediatamente se pega á pel ata que, espontaneamente, se despegue indicando que o veneno se disipou. A pedra pode permanecer adherida á ferida varios días. Unha vez que esta se despegou, lávase ben, uns din que con auga morna, outros que con viño e os máis que con leite, como ocorre coa **pedra da pezoña**. A este amuleto tamén lle chaman **imán dos velenos** ou *magnes venenorum*, como di Etmuleno na súa obra *Zoología*.

A **pedra da serpe**, a **pedra da cobra**, a **Pedra da pezoña** e a denominada **pedra caimán** (posiblemente nome derivado de **pedra imán** ou **imán dos velenos**, segundo Vicente Risco) virían se-lo mesmo tipo de obxecto sandador.

En opinión do médico Lis Quibén a *pedra caimán* sería en realidade un bezoar, outro dos amuletos sandadores máis universais e que en Galicia foi usado para trata-la pezoña.

En canto á súa orixe, a *pedra da serpe* non é unha pedra propiamente dita senón un anaco de corno torrado de cervo, mais a crenza popular sitúa a súa orixe no Oriente e coméntase que os Brahmines da India dicían que esta pedra se atopaba na testa de certas serpes, o que nos leva inevitablemente a lembrármonos dos misteriosos *carbúnculos*, mais segundo nos conta Frei Gerónimo Feijoo esta suposta orixe non era máis que un conto para sacarlles cartos ós incautos xa que a *pedra da serpe* non era outra cousa máis ca corno de cervo torrado a lume lento. En conclusión, dise que habería dous tipos de *pedras da serpe*: as verdadeiras producidas polas serpes e as ficticias feitas con cornos queimados de cervo. Tamén Luis Rousselet na obra *L'Inde des Rajahs* comenta que os hindús extraían a pezoña das picaduras da serpe aplicando unha pedra ou óso calcinado.

A *pedra da serpe* é coñecida en Portugal tamén como *pedra da cobra*. O doutor A. C. Pires da Lima nas súas *Tradições populares de santo Tirso* fala dunhas pedras que aplicadas contra as mordeduras curaban a rabia e absorbían o veneno das víboras. Estes amuletos eran de forma oblonga, cor negra e brillante, cun tamaño de entre 15 e 30 milímetros e cunha textura picada de sinuosidades que lles daban o aspecto da pedra pómez. Segundo lle contaron a Pires, estas pedras, denominadas *pedras da cobra*, proviñan do Brasil, como a nosa *pedra da pezoña* de Barro de Arén, e eran extraídas polos indíxenas do Alto Brasil da cabeza dunha serpe, tal e como narrou Frei Benito Feijoo que se facía coas *pedras da serpe* que viñan da India. O pai Manuel Godinho publicou que os ioguis e faquires da India facían a chamada *pedra da cobra* e que era o mellor contraveleno para as mordeduras de calquera becho pezoñento. Estas pedras púñanse sobre a mordedura e quedaban apegadas ata chuchar toda a pezoña da ferida. Unha vez curada a mordedura a pedra limpábase meténdoa en leite. O portugués Curvo Semedo na súa *Polyanthea medicinel* fala tamén da *pedra da cobra* que teñen na India e que recibe ademais o nome de *cobra de Dio*. Semedo conta como ó usala sobre unha ferida pezoñenta a inchazón producida polo veneno se desfecía en poucas horas sen facer sangra-la ferida. Di que é necesario pica-la ferida cun alfinete para que haxa un pouco de sangue porque senón a pedra non pegaría sobre a carne e tamén di que cómpre refrega-la pedra antes de usala para que quente un pouco e se apegue mellor. Despois de realizado o tratamento hai que mete-la pedra en leite de muller para que expulse todo o veneno que chuchou da ferida. De non facerse isto, a pedra podería estourar e ficaría sen virtude ningunha. C. A. Salgado de Andrade engade outra virtude á pedra e narra na súa *Ligeira contribuição para o estudo da raiva en Portugal* que na zona de Matosinhos se empregaba unha pedra negra contra a rabia. Esta pedra adheríase á ferida se había rabia e se non había esta infección non se apegaba á carne. Manel Godinho no libro *Tradições populares da Região de Feira* dinos que a *pedra da cobra* que se usaba na rexión de Feira eran os cálculos do estómago dun animal de África ou América, é dicir, un bezoar.

No folclore inglés atopamos unha interesante relación entre as *pedras da serpe* e as *pedras feitas*. Así, en Inglaterra, chámanlle *Pedra da víbora* ós fósiles de amonites que se poden atopar nas praias de Whitby. Segundo a lenda de Santa Hilda, cando esta quixo construí-la súa abadía nos cantís de Whitby tivo que expulsar un grande número de serpes venenosas que habitaban estas terras e converteunas en pedras espirais, que serían para o pobo eses fósiles de amonitas e caracois mariños. Este amuleto, como a nosa *pedra da serpe*, utilizábase para protexerse das picaduras das víboras, así como para tratar algunhas enfermidades tales como febres ou tose ferina.

Os carbuncos



Acabamos de menciona-los *carbúnculos* ó falar da *pedra da serpe*. O carbunco, tamén chamado *carbúnculo*, *carbunclo* ou antigamente *rubí místico* é un exemplo de amuleto mítico, pois, fóra do que nos narran os contos e as lendas, non hai noticia de que ninguén estea en posesión de tan prezado tesouro. Esta pedra sería o talismán que se atopaba na base do corno de unicornio, mais outros dicían que se sacaba da fronte dos dragóns e mesmo dalgunhas serpes, como ocorre coa *pedra da serpe* ou a *pedra da cobra*. Algúns crían que neste *rubí místico* estaba a fonte do poder do corno de unicornio. Dado que non se atopaba en tódolos unicornios, pensábase que ben podía tratarse dun destilado da esencia concentrada do alicorno, ben o *rubí místico* só se podía atopar nos unicornios máis vellos ou sabios e era orixinado pola cristalización do seu sangue. Na Idade Media esta pedra foi considerada a raíz das xemas. Máxico obxecto capaz de eliminar velenos, protexer contra pragas e desterrar desgrazas, pensamentos malignos e pesadelos. A abadesa Hildegard de Bingen pensaba que baixo o corno da besta se atopaba un anaco de metal tan transparente como o cristal. Este talismán faría que o home que se mirase nel adquirise a capacidade da invisibilidade.

En Galicia, a crenza nestas poderosas xemas callou no noso folclore e, por extensión do todo pola parte, chámaselles *carbuncos* a un tipo de serpe mítica que habita nas lagoas, pozas e noutros lugares asolagados e que ten a virtude de posuír un poderoso talismán, pedra ou xema na súa fronte. Así o recollen numerosas lendas que falan destes monstros acuáticos. Este talismán é obxecto cobizado e buscado pola xente que cría nos extraordinarios poderes de semellante tesouro. Pero o curioso deste amuleto mítico e que a crenza de que na fronte dos animais reside algún tipo de poder especial ou virtude transmitiuse a outros amuletos, estes si reais e usados na nosa medicina tradicional, como ocorre no caso do *alicorno*. Esta crenza púidena constatar nunha recollida na parroquia de Tomeza (concello de Pontevedra) cando unha informante me dixo que a parte do corno pegada á cabeza tiña máis mérito ou cando outro informante da parroquia de Verducido (concello de Pontevedra) me amosou o seu *alicorno* facendo fincapé en que era a parte da cornamenta que nace da testa do cervo. O médico grego Galeno de Pérgamo (130-200 D.C.) di que o corno deste animal, o cervo, é proveitoso para moitos efectos e a mellor parte del é o asento que está xunto ó cranio, tal como ocorre no caso do alicorno. Vemos que dalgún xeito pervive a crenza de que nese lugar do cranio, a fronte, reside algún tipo de poder especial o que tamén coincide coa visión budista da importancia do terceiro ollo, o *chakra* enerxético que reside na fronte.

Pedra corvina

Outra destas concrecións calcáreas ás que se lles atribúen certos poderes sandatorios e que se relacionan directamente cos *carbuncos* pola súa coincidente localización na fronte dun animal son as que Frei Martín Sarmiento chama *pedra Corvina*.



Segundo o frade son útil remedio contra varias enfermidades, especialmente contra o mal nefrítico e o mal de riles. Segundo narra, esta pedra non é unha pedra en si senón que se trata dun óso que o peixe corvina ten na súa cabeza. Estaríamos ante outro deses míticos *carbuncos*. Moitos mariñeiros da nosa terra tiñan o aquel de gardar estas *pedras corvinas* como amuletos, para a confección de adornos, como aínda se fai, ou para dálle-las ós nenos pola súa peculiar forma e procedencia. Precisamente un mariñeiro de Mogor (Marín) foi o que me regalou as que aparecen fotografadas neste artigo.

Pedras bezoares e a pedra caimán



Xa dixemos que para Lis Quibén a *pedra caimán* sería un bezoar. Nalgunhas zonas de Galicia, como en Terra de Montes (Pontevedra), estas pedras foron utilizadas para trata-lo mal de pezoña, as infeccións cutáneas e outras doenzas como o colleitizo. Vemos como o seu uso coincide coas aplicacións da *pedra da pezoña* ou da *pedra da serpe*.

A palabra bezoar vén do persa *pâdzahr*, que significa contraveleno ou antídoto. En Portugal e Brasil ó bezoar chámalle *pedra do veneno* e cumpre a mesma función sandatoria que a nosa *pedra da pezoña*. Estas “pedras” son concrecións calcúloas que soen atoparse nas vías dixestivas e urinarias ou noutros órganos internos dalgúns cuadrúpedes, como ocorre coas que se poden atopar ás veces nos estómagos das nosas vacas, e que son gardadas como valiosos amuletos.

Dende a antigüidade, e en diferentes culturas da terra, crese que o bezoar podía curar e anula-los efectos dos venenos. Xa os persas usaban os *padzhar*, pedras atopadas nos estómagos das cabras, con este fin. Críase que os animais as comían para evita-las plantas venenosas, o que convertía estas concrecións en pedras máxicas. Unha vez que a pedra era excretada polo animal triturábase para ser usada como antídoto. Cóntase que en época medieval os monxes cristiáns chegaron a facer que as súas aves de curral ou as cabras comesen pequenas pedras coa intención de que, ó permaneceren no estómago do animal, adquirisen o poder antídoto obtendo deste xeito un amuleto semellante ós auténticos *padzhar*. O médico de Sevilla Dr. Nicolás Monardes no libro *De lapide Bezaar et scorzonera herba*, de 1569, ó referirse a varios amuletos orixinarios das Indias Occidentais fala da *pedra bezaar*, que os hebreos chaman *belzasr* e os gregos *alexipharmacum*, como un dos grandes amuletos para cura-las feridas venenosas.

Os bezoares tamén foron usados para cura-la rabia e como medicamento habitual na farmacopea europea ata entrado o século XIX. No 1895 García de Orta fala dos bezoares no *Coloquios dos simples e drogas de India* e di que se chaman *pazar* ou *pazan* cando se usan contra as pezoñas e con este termo denominan algúns ó *locorno* e a *triaga*. Volvemos atopar unha conexión entre estes bezoares contravelenos e o *alicorno*, referido a el neste caso como *locorno*.

Tamén as pedras bezoares dos cervos eran empregadas como obxectos sandadores, e así as pedras que se atopan no interior de seu corazón crese eficaces contra a rabia, os venenos e as mordeduras pezoñentas.

Unha posible explicación mítica desta asimilación de poderes alexifármacos entre *alicornos*, cornos de cervo, *pedras da pezoña* e bezoares está no que o bestiario medieval *Libellus de Natura Animalium* di sobre a natureza e o comportamento do cervo:

“A propiedade ou natureza do cervo é que cando quere renovarse, pois ten os cornos tan grandes que non pode aguanta-la cabeza, el atrae co seu fociño serpes dun burato, ás que come e devora; e unha vez que sente que está envelenado corre a unha fonte viva e bebe moita auga, e así vence a pezoña coas virtudes da auga; pero a causa da forza do veneno cáenlle os cornos e tódolos pelos, e así rexuvenece.”

A *pedra de porco espiño* —concreción formada na vexiga do porco espiño á que se lle atribúe certas propiedades— sería outro destes amuletos asimilados ós bezoares. O mesmo podemos dicir da *pedra do galo*, concreción que se forma nos intestinos do galo e que segundo recolleu Eladio Rodríguez ten propiedades quiméricas e ilusorias.

Pedra alidoña

Sería outro deses obxectos de poder de orixe animal similar ós bezoares. Amuleto sandador formado pola concreción de pedra que se supón que se forma no ventre das andoriñas e que se emprega con fin curativos. Dise que curan as feridas co simple contacto. O portugués Curvo Semedo menciona que as pedras que se atopan nos buchos das andoriñas, coñecidas como *celidonia*, son efectivas para corta-las infeccións. Cómpre dicir que as andoriñas son consideradas na cultura tradicional como aves sagradas que hai que respectar e protexer. É tabú rouba-los seus niños ou darlles caza pois, como me contaban de pequeno na parroquia de Salcedo (concello de Pontevedra), as andoriñas foron os paxaros que lle quitaron a coroa de espiñas a Xesucristo cando estaba na cruz.

Como resumo do dito ata agora podemos dicir que existen catro posibles orixes para estas *pedras da pezoña*, *pedras do veneno*, *pedra da serpe*, *pedra da cobra* ou *pedra caimán*, que polo seu uso e propiedades veñen sendo o mesmo tipo de amuleto sandador. Teríamos, por unha banda, unha orixe mítica e, por outra, unha orixe natural ou manufacturada máis factible. A orixe mítica di que son unha especie de pedra ou xema que teñen determinadas serpes na súa testa, o famoso *carbunclo*, e que nos fai relacionalas tamén coa *pedra corvina* que aparece na testa do peixe corvina. A segunda orixe di que proveñen dos cornos calcinados dun animal, o que relaciona estes amuletos cos *alicornos* —o corno de unicornio—, co corno de cervo —outro potente amuleto— e en xeral con tódolos amuletos de orixe córneo que podemos atopar na nosa cultura tradicional. Outra orixe fálanos de que son pedras bezoares que se forman nos órganos internos dalgúns animais. A última orixe é aquela que as relacionaría coas *pedras do trono* e coas *pedras feitas*.

Pedra do lince ou lincurio

Frei Martín Sarmiento fálanos tamén deste curioso amuleto de orixe animal que se forma cando o ouriño do lince cae sobre terreo seco e se forma unha pedra coñecida como *lapis de licurio*. Emprégase contra a dor de estómago e a ictericia. Cando o ouriño do lince cae sobre terreo húmido fórmanse uns fungos denominados *fungisedulibus* que teñen as mesmas virtudes que o *lincurio*. Jerónimo de Huerta, na súa tradución da *Historia natural de los animales* de Plinio (1599), escribiu:

“La orina del lince, echada de si a donde se crían, se congela, y endurece, hasta venirse a hazer una piedra preciosa, como carbunco, con un color de fuego resplandeciente, y llámase lincurio, y por esto creen algunos que se engendra desta suerte el ambar. Conocen y saben esto los lince, y assi de embidia cubren luego su orina con la tierra, por lo qual se viene a espesar y congelar mas presto.

Atopamos neste amuleto, xa que logo, unha similitude entre o *lincurio* e o *carbunco*. Hoxe pénsase que o lincurio sería a belemnita ou a turmalina.

Pedra do leite



Croio de seixo leitoso que as mulleres recién paridas puñan entre os peitos —normalmente nunha cinta cunha bolsiña de tea— para favorecer a produción de leite. Eladio Rodríguez di que a *pedra do leite* é unha variedade de creta branca de aspecto fariñento, lixeira e suave ó tacto. Se temos en conta que a creta branca está formada por unha alta porcentaxe de nanofósiles de algas atopamos tamén certa relación entre este amuleto e as *pedras feitas*. Na zona do Bierzo as mulleres con nenos lactantes adoitaban pendurar este amuleto

do pescozo por diante do peito cunha corda ou cinta para que os seus peitos desen abundante leite e non llelo estragasen as bruxas cos seu maleficios. Se se desexaba o efecto contrario, non dar máis leite, púñase a pedra cara a atrás.

O ollo de boi vial



Tamén chamado *ollo vial*, *ollo mariño* ou *ollomao*. Algúns destes amuletos son fósiles de caracol mariño. Vicente Risco xa identificara no seu tempo este curioso amuleto coas concrecións calizas dos fósiles de caracol mariño. Fisicamente serían o mesmo que eses fósiles de amonites que en Inglaterra identifican coa *pedra da víbora*. Outras veces chámase *ollo de boi vial* ó opérculo dos gasterópodos, é dicir, á placa que pecha a abertura cando o animal se recolle no interior da cuncha, evitando así a desecación.

Pode ser de natureza orgánica (córnea) ou mineral (calcárea) e mostra aneis de crecemento concéntricos ou en espiral o que lle dá a aparencia dun ollo. Os opérculos dalgunhas especies son de grande fermosura polo que se empregaron como elementos decorativos para confeccionar aneis, pendentes e botonerías. Atribúenselle propiedades valedoras contra a dor de cabeza.

Ollo de Bouciga e as pedras furadas



Ollo de Bouciga é a denominación coa que se coñecen en Terra de Montes as pedras pequenas, cantos rodados ou pedras de pedernal con buratos no medio, arredando a forma de ollos pétreos. Son consideradas potentes obxectos protectores contra o mal e as enfermidades. Tamén as fusaiolas dos teares castrexas foron usadas como amuletos pola súa peculiar forma circular cun burato no medio. Curiosamente as pedras ocas en cuxo interior se pode depositar unha pedra máis pequena son valiosos símbolos de fertilidade para moitas culturas.

Estas pedras serían identificadas coas *Even Tekumah* das que falan os textos talmúdicos hebreos, máxicas pedras valedoras contra as rupturas matrimoniais. Nos países célticos estas pedras pequenas e furadas son consideradas beneficiosas e posuidoras de propiedades valedoras contra males e enfermidades, tanto para as persoas como para os animais. Unha destas pedras furadas pendurada do cabeceiro da cama protexe o que nela dorme contra as enfermidades de todo tipo. O mesmo efecto protector ten se se pendura nunha trabe do tellado da corte.

Pedra do sangue

Outra das pedras relacionadas coa fertilidade sería a denominada *pedra do sangue*, que non é outra cousa que o xaspe vermello. Coñecido dende antigo como a *pedra do embarazo*, é potente amuleto potenciador da virilidade e a fertilidade, á vez que talismán favorecedor do parto.



As maclas e a cruz de santo André



Peculiar amuleto natural formado pola agrupación xeométrica de dous ou máis minerais nunha mesma pedra de fondo gris arredando a cruz de Santiago ou a cruz de santo André. Algúns destes amuletos foron atopados nos petos dos defuntos como obxecto protector na viaxe ó Máis Aló. Calros Solla recolleu en Cerdedo a crenza de que aquel que a levaba no peto libraba de ir de morto ó santo André, de non ter ido en vida. Non debe ser casual a denominación *Cruz de santo André* para referirse a estas pedras protectoras do tránsito á morte. Coñecido é o carácter psicopompo do santo como guía das almas rumbo ó Alén, sen esquecer-las súas grandes virtudes como santo da morte e da fecundidade.

Os cantacucos



O mesmo fin protector da casa que tiñan as *pedras do trono* teríano os *cantacucos*, pedras máis ou menos talladas que se porían nos pinches dos tellados para atrae-la fartura e bonanza e salvagarda-la saúde dos que viven na casa e do gando. Estas toscas pedras darían orixe ós actuais remates de terracota que se adoitan pór nos tellados das casas novas. Tamén estarían relacionados coa función benefactora que cumpren a cruz e o cantacuco nos hórreos.

As pedras borneiras

A *pedra borneira* é a agulla gastada do mecanismo dun muíño de auga. Tamén chamada ovo ou grilo. Seica o incesante rozamento polo xiro da moa dotou estas pedras de grandes virtudes. Adoitaban ser colocadas entre a cachotería do muíño ou da casa.



Pedras da fartura e endegos

Son pedras que atraen a bonanza, polo tanto máis ligadas ó que sería a función dun talismán.

Os *endegos* son amuletos que afastan as miserias e atraen a fartura. Como as pedras borneiras púñanse entre a cachotería das casas e dos cortellos ou na cociña xunto ó forno.

O *endego anilladoiro* é un croio que arreda a feitura dun ovo e que se pon no poleiro co aquel de facer que as galiñas e outras aves de curral poñan ovos.



Pedra de ara



Amuleto relixioso, fragmento de pedra de altar. Este amuleto está estreitamente ligado á forza do simbolismo relixioso cristián polo que posuír un destes anacos é garantía de protección do fogar e dos que nel habitan contra a maléfica acción do diaño e a influencia dos feitizos. Tamén rexeita o mal de ollo e J. Rodríguez López recolleu no seu día que a *pedra de ara* era usada polas mulleres preñadas para facilita-lo parto.

Podía gardarse nunha caixiña xunto a unha trabe da casa, como recolleu Carlos Solla, ou formar

parte do que se coñece como a *bolsa dos atavíos*, virtuoso amuleto valedor contra o mal de ollo, meigallos, enganido e tangaraño que se adoitaba colgar do pescozo dos nenos e que estaba formado por unha bolsiña de tea na que se introducían un anaco de pedra de ara, un anaco da Porta Santa da catedral de Santiago de Compostela e un dente de allo. Outras veces estas bolsas contiñan pedra de ara xunto coa herba altea, incenso e allo e adoitaba pendurarse do pescozo do gando como método de protección contra o mal de ollo.

O acibeche



Se houberse clases sociais entre os amuletos pétreos tradicionais galegos o acibeche estaría no cumio, sería a clase aristocrática destas pedras valedoras. O acibeche é carbón petrificado convertido en lignito, considerada dende a antigüidade como unha pedra semipreciosa pola súa relativa escaseza, o seu brillo e a súa cor. É unha pedra de intensa cor negra, moi fráxil e susceptible de ser puído. Foi denominado polos clásicos *succinum nigrum* e *lapis gagotes* polos romanos. Empregouse dende antigo para realizar colares, colgantes, sortellas, pendentes e poderosos amuletos como a figa.

Atribúeselle ademais un carácter terapéutico, protector, máxico e considérase como un material defensivo que protexe contra as malas enerxías e a mala ollada. Ten a capacidade de cargarse electricamente e de atraer pequenos anacos de papel. Segundo Carmen Baroja:

“El azabache como sustancia es el magno preservativo; se enciende con aguas y se apaga con aceite; ahuyenta la mirada del basilisco y recrea las sofocaciones de la madre; en sahumeros da a conocer la gota coral y la virginidad; cocido en vino cura los males de dientes y los lamparones. Se usó para la axiomancia y no se quema si ha de suceder lo que se desea saber”.

O traballo artístico do acibeche con fins ornamentais acadou o seu máximo esplendor nos artesáns composteláns ata tal punto que se converteu en símbolo da cidade dando incluso nome a unha rúa —Rúa da Azabachería—, e quedou estreitamente ligado ó culto xacobeo, xa que o acibeche era traído a Santiago dende Asturias polos comerciantes que utilizaban o Camiño de Santiago como ruta de traslado do material durante séculos. Con el confecciónanse as famosas figas que posiblemente sexa o amuleto galego por excelencia que une a virtude valedora que ten o acibeche contra o mal de ollo e a peculiar forma do amuleto; unha man cos dedos cruzados a modo de defensa contra o mal de ollo.

Neste breve artigo vimos de esbozar algúns dos amuletos pétreos do nosos arsenal profiláctico. Pedras que manteñen unha curiosa relación entre eles e que se existise unha xenealoxía amulética faría que falásemos dunha mesma familia, de amuletos irmáns e amuletos curmáns. Así vemos como a *pedra da pezoña* se relaciona co *alicorno* e coa *pedra da serpe*, a *pedra da serpe* coa *pedra do trono* e a *pedra imán* e os *carbuncos*, os *carbuncos* coa *pedra corvina*, a *pedra do trono* coas *pedras feitas* e a *pedra caimán*, a *pedra caimán* e a *pedra da cobra* cos *bezoares*, os *bezoares* con outros amuletos que son concrecións calcáreas de orixe animal como a *pedra alidoña*, a *pedra do galo*, o *ollo de boi vidal* ou o misterioso *lincurio*. Outras pedras comparten as súas virtudes para atrae-la bonanza e a fartura ós seus portadores como ocorre coa *pedra do leite*, cos *endegos*, cos *cantacucos* ou coas *pedras borneiras*. O *acibeche*, a *pedra de ara*, o *sal* ou as *maclas* destacarían polo seu excepcional valor protector.

Existen outros amuletos de orixe mineral da nosa cultura tradicional que foron, e aínda son, usados pola xente como obxectos protectores, sandadores o propiciadores da fartura. Eladio Rodríguez dános fe doutros amuletos pétreos como son a *pedra da matriz* —á que se lle atribúe a virtude de cura-lo histerismo—, a *pedra da saúde* —célebre medicamento que, ó igual ca moitos bezoares, tomábase disolto nun líquido contra moitas doenzas— ou a *pedra chorona*, pedra que se humedece cando cambia o tempo e seca logo de verifica-lo cambio das témporas. Tamén as *pedras do viático*, pedra recollida no camiño polo que pasara o viático, adquirirían propiedades especiais e usábase como método de diagnose da ollada. A terra dun monte dende o que se visen sete hermidas ou a *terra de camposanto* son outros dos elementos minerais, xunto co *sal*, usados como remedio na medicina tradicional galega e forman parte do noso corpus de amuletos. En definitiva, unha infindade de recursos cos que armarse fronte ó maligno e á enfermidade. No veciño Portugal, Curvo Semedo menciona outras pedras coas mesmas funcións sandadoras cos nosos amuletos: a *pedra de Aguia*, a *pedra argueireira*, a *pedra de cananos*, a *pedra de cevar*, a *pedra emathitis*, a *pedra de estanca-lo sangue*, a *pedra xudaica*, a *Galactitis*, a *pedra de Mombaça*, a *pedra nefrítica*, a *pedra pórvido*, a *pedra canda* serían outros amuletos pétreos con abondosas virtudes contra as doenzas e as infeccións.

Remataremos este breve artigo sobre os nosos amuletos pétreos transcribindo as palabras que Plinio recolleu do autor clásico Orfeo:

"A terra negra produce o mal, pero ó mesmo tempo produce o remedio para cada mal. Da terra proceden pois toda clase de pedras nas que podemos atopar un poder prodixioso e vario. Tódalas vantaxes que representan as raíces, tamén as ofrecen as pedras. As raíces teñen forza inmensa, pero as pedras posúena aínda en maiores proporcións. A terra creas incorruptibles e endexamais envellecen."

Imaxes:

- Fotografía nº1: A pedra da pezoña femia de Barro de Arén
Fotografía nº2: Peido de raposo (refugallo da metamorfose da parraguesa)
Fotografía nº3: Pedra da pezoña
Fotografía nº4: A pedra da pezoña macho de Barro de Arén
Fotografía nº5: Pedra feita (fósil mariño)
Fotografía nº6: Pedra do raio (machado neolítico)
Fotografía nº7: Pedra do raio (seixo cristalizado)
Fotografía nº8: Pedra do raio (punta de frecha de silex)
Fotografía nº9: Cabeza de lagarto arnal
Fotografía nº10: Pedra corvina
Fotografía nº11: Bezoar de vaca
Fotografía nº12: Pedra do leite
Fotografía nº13: Ollo de boi vidal (opérculo)
Fotografía nº14: Ollo de Bouciga (fusaiola)
Fotografía nº15: Pedra do sangue (xaspe vermello)
Fotografía nº16: Cruz de santo André (macla)
Fotografía nº17: Cantacucos
Fotografía nº18: Pedra borneira (agulla do muiño)
Fotografía nº19: Pedra da fartura
Fotografía nº20: Endego aniñadoiro
Fotografía nº21: Pedra de ara
Fotografía nº22: Figa de acibeche

Tódalas imaxes deste artigo son obra e propiedade do autor agás a primeira fotografía —*a pedra da pezoña femia de Barro de Arén*— que é de Calros Solla.

Bibliografía:

- Aparicio Casado, B. *A tradición oral en Poio*. Deputación de Pontevedra
-Casal Porto, J. *As pedras da pezoña*. Revista cultural *A Taboada* das asociación O Migallo de Cuntis e A Cabana de Moraña. Nº10. Xullo 2005
-Claudio Basto. *Riava*. Revista lusitana XXIII, 96 e XXIV, 6. Pax.84-110
-Cuba, X. R., Miranda, X. e Reigosa, A., *Diccionario dos seres míticos galegos*, Xerais, Vigo, 1999
-Gómez-Tabanera, J. M. Azabache, amuleto de la vieja Europa y ambar negro de Asturias. Instituto de estudios asturianos. Pax. 386-413
-Jerónimo Feijoo, B. *Teatro Crítico Universal*
-Jerónimo Feijoo, B. *Cartas eruditas y curiosas. Tomo II*. Madrid 1773
-Risco, V., *Obras completas Vol.3 Etnografía* Ed. Galaxia S.A. Vigo 1994
-Rodríguez González, E. *Diccionario enciclopédico gallego-castellano*. Ed. Galaxia S.A.
-Rodríguez López, J.R.: *Supersticiones de Galicia y preocupaciones vulgares*. Impreta de Ricardo Rojas. Madrid 1910
-Scarlatto, E.. *Cuerno de unicornio, bezoar y triacas. Modernos antidotos de la antigüedad*. Boletín de la asociación Toxicológica Argentina. Año20, Nº72. Mar/Abr.2006. Pax.19-20. Facultad de Medicina de la Universidad de Buenos Aires
(<http://www.fmvuba.org/comunidad/toxicologia/Publicaciones/antidotos2.htm>)
-Solla Varela, C.: *Almanaque de encantos*. Ed. Cardeñoso. Vigo 2005
-Teijeiro Rey, X.X. *Seres galegos das augas. Mitología comparada*. Ed. Toxo-Soutos S.L. A Coruña 2002
-Vaqueiro V. *Guía da Galiza máxica*, Ed. Galaxia, Vigo 1998
-*Gran Enciclopedia Gallega. Tomo II. Amuletos*. Cañada editor.
-*Gran biblioteca temática gallega. Las gentes: Menciñeiros, saludadores e compañedores. Vol.1*. EA editores.